

No entanto, manterase o dereito que lles asiste a comparecer en calquera momento do procedemento, facéndose constar que quedan interrompidos os prazos de prescrición de acordo co art. 68 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, trinta de xaneiro de 2012.-O Inspector Xefe, Francisco Rivera Iglesias. Vº P) O Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Concello de Lugo, José Clemente López Orozco

R. 0495

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

"**MARMOLERA GALLEGA, S.L.**" solicitou desta Alcaldía licenza municipal para a instalación de **taller de tratamento da pedra natural na rúa das Comunicaci3ns - rúa dos Carpinteiros, parcela 97, subparcelas 1 e 14.**

Cumprindo o disposto no apartado 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días, a fin de que durante o mesmo -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente edicto-, poida examinarse o expediente no Servizo de Licenzas, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Lugo, 19 de xaneiro de 2012.- O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO, Luis Manuel Álvarez Martínez

R. 0496

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2012 aprobouse a **CONTRATACIÓN DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA RESTAURANTE NO EDIFICIO MIRADOR DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO.**

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Descrición do obxecto:** O obxecto da contratación é a explotación da cafetería-restaurante no edificio mirado do parque Rosalía de Castro.
- b) **Prazo de duración:** Cinco anos, prorrogables por períodos anuais ata un máximo doutros cinco anos máis.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** ordinaria
- b) **Procedimiento:** aberto.

4.- Tipo de licitación:

O canon a pagar polo adxudicatario establécese nun mínimo de 1.500 € mensuais.

5.- Garantías:

- a) **Provisional:** Non se esixe.
- b) **Definitiva:** 5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Teléfonos:** (982) 29-71-45, 29-73-01, 29-71-43
- e) **Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos/perfil do contratante/outros)
- g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego técnico e no de cláusulas administrativas particulares.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de quince días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, planta baixa.

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** Ó segundo día natural posterior ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil.

10.- **Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións técnicas, no prego de cláusulas administrativas particulares, así como no Libro do Edificio.

Lugo, 31 de xaneiro de 2012.- O ALCALDE, José Clemente López Orozco

R. 0497

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xaneiro do 2012, prestou aprobación provisional o nome de D. MANUEL FRAGA IRIBARNE á vía seguinte: segundo tramo da circunvalación urbana dando continuidade á Ronda María Emilia Casas Baamonde une a rúa Chantada dende a rotonda do Hórreo coa rúa Ourense.

De acordo co artigo 9 da Ordenanza municipal reguladora da denominación e rotulación das vías públicas e da numeración de edificios, expónse ao público por un prazo de vinte días, durante os cales os interesados poderán presentar as alegacións ou obxeccións que estimen oportunas que haberán de ser atendidas e resoltas antes da aprobación definitiva. No caso de que non se presentasen reclamacións no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Monforte de Lemos ,a 31 de xaneiro do 2012.- O ALCALDE

R. 0465

Anuncio

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de Novembro de 1992), faise pública notificación da iniciación dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este Concello, ás persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último enderezo coñecido, esta non se puido practicar. O órgano instrutor do procedemento é a Unidade de Sancións do Concello e o órgano competente para a súa resolución é o Ilmo. Sr. Alcalde, de conformidade co disposto no art. 69.2 do real Decreto 339/1900, de 2 de Marzo.

Nº Expediente	NIF Infractor	Nome e Apelidos	Data/Hora Infracc.	Art/Lei/Apd	Importe
573/2011	33338893W	PARDO DIAZ BARBARA	14/09/11/10:34	91/CIR 0	200,00
688/2011	45590143A	GARCIA RIVERO MAGIN	05/12/11/10:55	154/CIR 0	80,00
691/2011	34270612Z	ROMERO ROMERO FRANCISCO	21/12/11/18:00	91/CIR 0	200,00
692/2011	34269561K	QUIROGA CARBALLADA IRIA	22/12/11/12:30	91/CIR 0	200,00
716/2011	33318122T	NUÑEZ RODRIGUEZ JESUS	11/11/11/13:05	171/CIR 0	80,00
718/2011	45590143A	GARCIA RIVERO MAGIN	02/11/11/10:15	91/CIR 0	200,00
723/2011	34270527K	RODRIGUEZ PEREZ JOSE YGNACIO	11/12/11/02:30	152/CIR 0	200,00
735/2011	34223798M	RODRIGUEZ CODESIDO JOSE ANTONIO	18/12/11/01:39	152/CIR 0	80,00
741/2011	52618744B	PEREZ RIESTRA ALFONSO ANTONIO	11/12/11/01:10	152/CIR 0	80,00
749/2011	43422107Q	BEREA ARIAS RAFAEL	21/11/11/19:42	91/CIR 0	80,00
752/2011	47435529F	ESPINOSA VARONA YANAISI	21/12/11/15:00	154/CIR 0	80,00
763/2011	34250115X	DIAZ LOPEZ JUAN CARLOS	14/12/11/11:05	18/CIR 3	200,00
770/2011	35471817K	HERNANDEZ PENA FRANCISCO JAVIER	17/12/11/01:11	152/CIR 0	80,00
778/2011	34251565B	DIEGUEZ DIAZ JUAN BAUTISTA	17/12/11/02:00	152/CIR 0	80,00